



CURSO: 2023-24	DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA
MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA	
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	

2ºESO (FÍSICA E QUÍMICA)

Os criterios de cualificación que se seguirán para establecer a nota numérica en cada **avaliación parcial trimestral** son os seguintes:

- As **probos escritos** contarán entre un **60 e 70%** da nota trimestral.

Levarase a cabo como mínimo unha proba escrita en cada trimestre. No caso de realizar máis dunha proba, farase a media ponderada entre as cualificacións obtidas tendo en conta o tempo dedicado aos contidos correspondentes. En todas as probas do curso poderase incluír unha pregunta relacionada con magnitudes e cambio de unidades usando factores de conversión xa que se consideran aprendizaxes imprescindibles para afianzar neste nivel.

Se nun trimestre non se leva a cabo ningún proxecto, as probas escritas ponderarán un 70% da nota trimestral. No caso contrario, as probas ponderarán só un 60% da nota.

- O **40-30%** restante da nota trimestral establecerase a través de **táboas de indicadores** (rúbricas, escalas de observación, etc) analizando os seguintes aspectos:
- Producións do alumnado: informes de prácticas, presentación orais, vídeos, audios ou outros traballos ou proxectos que se propoñan.
- Actividades periódicas (semanas ou quincenais) realizadas na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver.
- Realización das actividades propostas para facer na casa.
- Caderno de clase.
- Todos os aspectos relacionados co traballo diario na aula e no laboratorio.

Estas porcentaxes poderían modificarse nalgunha avaliación sempre que se propoña un traballo/proxecto de “maior envergadura” (que abarque máis contidos e/ou supoña máis tempo de dedicación na aula). Neste caso, aumentaría a ponderación do proxecto e diminuiría a ponderación das probas escritas e/ou do resto dos aspectos a valorar.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas.

Recuperación durante o curso: O alumnado que non obteña cualificación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá realizar unha proba escrita de **recuperación**. As probas escritas de recuperación terán o mesmo peso na nota trimestral que as probas escritas anteriores, é dicir, entre 60 e 70% (segundo corresponda).

Farase un especial seguimento do alumnado da ESO cunha evolución académica desfavorable, adoptando as medidas de apoio e reforzo que se consideren necesarias en calquera momento do curso, prestando especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Así, ao alumnado da ESO que non supere algunha avaliación ao longo do curso aplicaráselle inmediatamente un plan de recuperación e seguimento específico para que poida chegar aos obxectivos propostos. Estas medidas de apoio e reforzo consistirán en: ofrecerlles atención



preferente na aula dentro das sesións lectivas, proporcionarlles material de reforzo e tempo de resolución de dúbidas, propoñer para eles/as probas de avaliación máis sinxelas adaptadas aos mínimos esixibles, ofrecer a posibilidade de reforzo extra en períodos de lecer e probas de avaliación de recuperación. Informarase ás familias.

A **calificación final** do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación.

Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións da 1ª e 2ª durante o curso, teña unha única avaliación suspensa a final de curso, poderá realizar unha proba adicional de recuperación da avaliación correspondente. O alumnado con máis dunha avaliación suspensa, só poderá realizar unha proba global que abarcará todos os contidos da materia. Calquera destas probas de recuperación adicional contarán o 100% da nota do trimestre ou do curso, segundo corresponda.

Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas (presenciais ou telemáticas en caso de confinamento). O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación se sorprende a un/unha estudante copiando (móbil, smartwatch, libro, follas, ...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo noutro momento.
- A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas, debe ser xustificada co documento oficial correspondente. De non haber xustificación documental, a cualificación será de 0.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, ese traballo non será valorado.

3ºESO (FÍSICA E QUÍMICA)

Os criterios de cualificación que se seguirán para establecer a nota numérica en cada **avaliación parcial trimestral** son os seguintes:

- As **probas escritas** contarán entre un **65 e 75%** da nota trimestral.

Levarase a cabo como mínimo unha proba escrita en cada trimestre. No caso de realizar máis dunha proba, farase a media ponderada entre as cualificacións obtidas tendo en conta o tempo dedicado aos contidos correspondentes. En todas as probas do curso poderase incluír unha pregunta relacionada con magnitudes e cambio de unidades usando factores de conversión xa que se consideran aprendizaxes imprescindibles para afianzar neste nivel.

Se nun trimestre non se leva a cabo ningún proxecto, as probas escritas ponderarán un 70% da nota trimestral. No caso contrario, as probas ponderarán só un 60% da nota.

- O **35-25%** restante da nota trimestral establecerase a través de **táboas de indicadores** (rúbricas, escalas de observación, etc) analizando os seguintes aspectos:
- Producións do alumnado: informes de prácticas, presentación orais, vídeos, audios ou outros



traballos ou proxectos que se propoñan.

- Actividades periódicas (semanas ou quincenais) realizadas na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver.
- Realización das actividades propostas para facer na casa.
- Caderno de clase.
- Todos os aspectos relacionados co traballo diario na aula e no laboratorio.

Estas porcentaxes poderían modificarse nalgunha avaliación sempre que se propoña un traballo/proxecto de “maior envergadura” (que abarque máis contidos e/ou supoña máis tempo de dedicación na aula). Neste caso, aumentaría a ponderación do proxecto e diminuiría a ponderación das probas escritas e/ou do resto dos aspectos a valorar.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas.

Recuperación durante o curso: O alumnado que non obteña cualificación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá realizar unha proba escrita de **recuperación**. As probas escritas de recuperación terán o mesmo peso na nota trimestral que as probas escritas anteriores, é dicir, entre 65 e 75% (segundo corresponda).

Farase un especial seguimento do alumnado da ESO cunha evolución académica desfavorable, adoptando as medidas de apoio e reforzo que se consideren necesarias en calquera momento do curso, prestando especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Así, ao alumnado da ESO que non supere algunha avaliación ao longo do curso aplicaráselle inmediatamente un plan de recuperación e seguimento específico para que poida chegar aos obxectivos propostos. Estas medidas de apoio e reforzo consistirán en: ofrecerlles atención preferente na aula dentro das sesións lectivas, proporcionarlles material de reforzo e tempo de resolución de dúbidas, propoñer para eles/as probas de avaliación máis sinxelas adaptadas aos mínimos esixibles, ofrecer a posibilidade de reforzo extra en períodos de lecer e probas de avaliación de recuperación. Informarase ás familias.

A **cualificación final** do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación.

Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións da 1ª e 2ª durante o curso, teña unha única avaliación suspensa a final de curso, poderá realizar unha proba adicional de recuperación da avaliación correspondente. O alumnado con máis dunha avaliación suspensa, só poderá realizar unha proba global que abarcará todos os contidos da materia. Calquera destas probas de recuperación adicional contarán o 100% da nota do trimestre ou do curso, segundo corresponda.

Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas (presenciais ou telemáticas en caso de confinamento). O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación se sorprende a un/unha estudante copiando (móbil, smartwatch, libro, follas, ...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo noutro momento.



- A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas, debe ser xustificada co documento oficial correspondente. De non haber xustificación documental, a cualificación será de 0.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, ese traballo non será valorado.

3ºPDC (ÁMBITO CIENTÍFICO)

Os criterios de cualificación que se seguirán para establecer a nota numérica en cada **avaliación parcial trimestral** son os seguintes:

- As **probas escritas** contarán un **50%** da nota trimestral.

Levarase a cabo como mínimo unha proba escrita en cada trimestre. No caso de realizar máis dunha proba, farase a media ponderada entre as cualificacións obtidas tendo en conta o tempo dedicado aos contidos correspondentes.

- O **50%** restante da nota trimestral establecerase a través de **táboas de indicadores** (rúbricas, escalas de observación, etc) analizando os seguintes aspectos:
 - Producións do alumnado: informes de prácticas, presentacións orais, vídeos, audios ou outros traballos ou proxectos que se propoñan.
 - Actividades periódicas (semanais ou quincenais) realizadas na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver.
 - Realización das actividades propostas para facerla casa.
 - Caderno de clase.
 - Todos os aspectos relacionados co traballo diario na aula e no laboratorio.

Estas porcentaxes poderían modificarse nalgunha avaliación sempre que se propoña un traballo/proxecto de “maior envergadura” (que abarque máis contidos e/ou supoña máis tempo de dedicación na aula). Neste caso, aumentaría a ponderación do proxecto e diminuiría a ponderación das probas escritas e/ou do resto dos aspectos a valorar.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas.

Recuperación durante o curso: O alumnado que non obteña cualificación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá realizar unha proba escrita de **recuperación** nos primeiros días do seguinte trimestre. Esta proba escrita abordará, como mínimo, os contidos que se avaliaron durante o trimestre con exames e poderá incluír outros contidos traballados e avaliados con instrumentos diferentes. Así, as probas escritas de recuperación terán un peso na nota trimestral equivalente á suma das porcentaxes dos instrumentos que substitúen.

A **cualificación final** do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación.

Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións da 1ª e 2ª durante o curso, teña unha única avaliación suspensa a final de curso, poderá realizar unha proba adicional de recuperación da avaliación correspondente. O alumnado con máis dunha avaliación suspensa, só poderá realizar unha proba global que abarcará todos os contidos da



materia. Calquera destas probas de recuperación adicional contarán o 100% da nota do trimestre ou do curso, segundo corresponda.

Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas (presenciais ou telemáticas en caso de confinamento). O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación se sorprende a un/unha estudante copiando (móbil, smartwatch, libro, follas, ...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo noutro momento.
- A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas, debe ser xustificada co documento oficial correspondente. De non haber xustificación documental, a cualificación será de 0.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, ese traballo non será valorado.

4ºESO (FÍSICA E QUÍMICA)

Os criterios de cualificación que se seguirán para establecer a nota numérica en cada **avaliación parcial trimestral** son os seguintes:

- As **probos escritas** contarán un **80%** da nota trimestral.

Levaranse a cabo dúas probas escritas e farase a media ponderada das cualificacións obtidas, tendo en conta o tempo dedicado aos contidos correspondentes.

Ao alumnado que non supere aos mínimos esixibles na 1ª proba, daráselle a oportunidade de volver a avaliar eses contidos na 2ª proba. De maneira que a 2ª proba lle incluíra todos os contidos da avaliación correspondente e sería a nota desa segunda proba a que se teña en conta na cualificación trimestral.

- O **20%** restante da nota trimestral establecerase a través de **táboas de indicadores** (rúbricas, escalas de observación, etc) analizando os seguintes aspectos:
 - Producións do alumnado: informes de prácticas, presentacións orais, vídeos, audios ou outros traballos ou proxectos que se propoñan.
 - Actividades periódicas (semanais ou quincenais) realizadas na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver.
 - Realización das actividades propostas para facer na casa.
 - Todos os aspectos relacionados co traballo diario na aula e no laboratorio.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas.

Recuperación durante o curso: O alumnado que non obteña cualificación positiva na 1ª e/ou 2ª



avaliación deberá realizar unha proba escrita de **recuperación**. As probas escritas de recuperación terán un peso de 80% na nota trimestral.

Farase un especial seguimento do alumnado da ESO cunha evolución académica desfavorable, adoptando as medidas de apoio e reforzo que se consideren necesarias en calquera momento do curso, prestando especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Así, ao alumnado que non supere algunha avaliación parcial, aplicaráselle un plan de reforzo cun seguimento específico para motivalo e axudalo a recuperar as aprendizaxes non adquiridas. As medidas contempladas neste plan consistirán en: realización de probas de recuperación, atención preferente na aula dentro das sesións lectivas (na medida do posible), proporcionar material de reforzo, adaptar os tempos e os instrumentos de avaliación (cando o profesorado o valore necesario) e ofrecer a posibilidade de tempo extra de resolución de dúbidas en períodos de lecer.

A **cualificación final** do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais (unha vez realizadas as probas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación). Para o cálculo desta media terase en conta a nota con dous decimais acadado polo alumnado no trimestre correspondente.

Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións da 1ª e 2ª, teña unha única avaliación suspensa a final de curso, poderá realizar unha proba adicional de recuperación da avaliación correspondente. O alumnado con máis dunha avaliación suspensa, só poderá realizar unha proba global que abarcará todos os contidos da materia. Calquera destas probas de recuperación adicional contarán o 100% da nota do trimestre ou do curso, segundo corresponda.

Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas (presenciais ou telemáticas en caso de confinamento). O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación se sorprende a un/unha estudante copiando (móbil, smartwatch, libro, follas, ...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo noutro momento.
- A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas, debe ser xustificada co documento oficial correspondente. De non haber xustificación documental, a cualificación será de 0.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, ese traballo non será valorado.

1ºBACHARELATO (FÍSICA E QUÍMICA)

Os criterios de cualificación que se seguirán para establecer a nota numérica en cada **avaliación parcial trimestral** son os seguintes:

- As **probas escritas** contarán un **90%** da nota trimestral.

Levaranse a cabo dúas probas escritas en cada avaliación e farase a media aritmética das cualificacións obtidas.



- **10%** restante da nota trimestral establecerase a través de **táboas de indicadores** (rúbricas, escalas de observación, etc) analizando os seguintes aspectos:
 - Actividades periódicas (semanais ou quincenais) realizadas na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver.
 - Producións do alumnado: informes de prácticas, presentacións orais, vídeos, audios ou outros traballos que se propoñan.
 - Realización das actividades propostas para facer na casa.
 - Todos os aspectos relacionados co traballo diario na aula e no laboratorio.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas. Ademais, na 1ª e 2ª avaliación soamente se redondeará a cualificación trimestral cando o alumnado acade ou supere as 75 centésimas na súa nota. No caso contrario, truncarase a nota ao número enteiro inferior.

Recuperacións durante o curso: Despois de cada exame, o alumnado que non obteña cualificación positiva realizará unha proba escrita de **recuperación** dos contidos correspondentes. As probas escritas de recuperación terán o mesmo peso na nota trimestral que as probas escritas anteriores, é dicir, un 90%.

Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións oportunas, teña un ou dous bloques de contidos suspensos, a final de curso poderá realizar unha proba adicional de recuperación dos bloques correspondentes que contará un 90%. O alumnado con máis de dous bloques suspensos, só poderá realizar unha proba global que abarcará todos os contidos da materia e contará o 100% da cualificación.

Subida de nota: O alumnado con avaliación positiva interesado en subir nota poderá presentarse ás probas de recuperación (igualmente ponderarán un 90%). Nese caso a nota do exame corresponderá coa nota da recuperación (incluso no caso de que obteña unha cualificación inferior).

Tamén ten a opción de presentarse a subir nota nas probas de recuperación adicionais de final de curso (ponderan a porcentaxe que corresponda en cada caso).

A **cualificación final** do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais (unha vez realizadas as probas de recuperación correspondentes).

Proba extraordinaria: O alumnado que non obteña cualificación positiva (5 ou máis) na avaliación final ordinaria de xuño terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación. No período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria desenvolveranse simultaneamente actividades de revisión e reforzo para o alumnado coa materia suspensa.

Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas (presenciais ou telemáticas en caso de confinamento). O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación se sorprende a un/unha estudante copiando (móbil, smartwatch, libro, follas, ...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo noutro momento.



- A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas, debe ser xustificada co documento oficial correspondente. De non haber xustificación documental, a cualificación será de 0.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, ese traballo non será valorado.

Criterios de corrección das probas escritas

Na corrección das probas escritas seguiranse uns criterios moi parecidos aos establecidos nas probas de Física e de Química da ABAU que sonos seguintes:

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
 - Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos a seguir, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe química.
 - Os erros graves de concepto levan a anular o apartado correspondente.
 - Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado. Non se cualificará cando estean baseados nun erro grave de concepto ou na invención de resultados do apartado anterior.
 - Cando a resposta debe ser razoada ou xustificada, non facelo implicará unha puntuación de cero no apartado correspondente.
 - Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
 - Unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.
 - Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun 0, se a correctora non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.
 - Cada solución numérica non acompañada de unidades ou con unidades incorrectas descontará un 25% da nota do apartado.
 - Un erro no cálculo descontará un 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado.
- Para o desenvolvemento das probas permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos). Ademais proporcionarase unha táboa periódica, onde aparecen os símbolos, nº e masa atómica.

2º BACHARELATO (FÍSICA)

Os criterios de cualificación que se seguirán para establecer a nota numérica en cada **avaliación parcial trimestral** son os seguintes:

- As **probas escritas** contarán un **90%** da nota trimestral.
- Durante o curso realizarase un exame por cada bloque de contidos (gravitación, campo eléctrico, campo magnético, ondas, óptica e física moderna). A nota das probas de avaliación en cada trimestre corresponderá coa media dos exames realizados ata o momento.



- O 10% restante da nota trimestral establecerase a través de **táboas de indicadores** (rúbricas, escalas de observación, etc) analizando os seguintes aspectos:
 - Actividades periódicas (semanais ou quincenais) realizadas na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver.
 - Producións do alumnado: informes de prácticas, presentacións orais, vídeos, audios ou outros traballos que se propoñan.
 - Realización das actividades propostas para facer na casa.
 - Todos os aspectos relacionados co traballo diario na aula e no laboratorio.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas. Ademais, na 1ª e 2ª avaliación soamente se redondeará a cualificación trimestral cando o alumnado acade ou supere as 75 centésimas na súa nota. No caso contrario, truncarase a nota ao número enteiro inferior.

Recuperacións durante o curso: Despois de cada exame, o alumnado que non obteña cualificación positiva realizará unha proba escrita de **recuperación** dos contidos correspondentes. As probas escritas de recuperación terán o mesmo peso na nota trimestral que as probas escritas anteriores, é dicir, un 90%.

No caso de que a cualificación da proba de recuperación sexa menor que a nota do exame que se está recuperando, non se terá en conta a nota desa recuperación.

Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións oportunas, teña un ou dous bloques de contidos suspensos, a final de curso poderá realizar unha proba adicional de recuperación dos bloques correspondentes que contará un 90%. O alumnado con máis de dous bloques suspensos, só poderá realizar unha proba global que abarcará todos os contidos da materia e contará o 100% da cualificación.

Subida de nota: O alumnado con avaliación positiva interesado en subir nota poderá presentarse ás probas de recuperación (igualmente ponderarán un 90%). Nese caso a nota do exame corresponderá coa nota da recuperación (incluso no caso de que obteña unha cualificación inferior).

Tamén ten a opción de presentarse a subir nota nas probas de recuperación adicionais de final de curso (ponderan a porcentaxe que corresponda en cada caso).

A **cualificación final** do curso terá en conta as porcentaxes indicadas anteriormente.

Proba extraordinaria: O alumnado que non obteña cualificación positiva (5 ou máis) na avaliación final ordinaria de xuño terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación. No período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria desenvolveranse simultaneamente actividades de revisión e reforzo para o alumnado coa materia suspensa con actividades de revisión e preparación das probas ABAU.

Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas (presenciais ou telemáticas en caso de confinamento). O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación se sorprende a un/unha estudante



copiando (móbil, smartwatch, libro, follas, ...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo noutro momento.

- A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas, debe ser xustificada co documento oficial correspondente. De non haber xustificación documental, a cualificación será de 0.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, ese traballo non será valorado.

○ **Criterios de corrección das probas escritas**

Na corrección das probas escritas seguiranse uns criterios moi parecidos aos establecidos nas probas de Física da ABAU que sonos seguintes:

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos e os pasos a seguir.
- Os erros graves de concepto levan a anular o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualifícanse independentemente do resultado do devandito apartado. Non se cualificará cando estean baseados nun erro grave de concepto ou na invención de resultados do apartado anterior.
- Toda cuestión non razoada ou xustificada supoñerá unha puntuación de cero no apartado correspondente.
- Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun 0, se a correctora non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.
- Cada solución numérica non acompañada de unidades ou con unidades incorrectas descontará un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo descontará un 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado.

Para o desenvolvemento dos exames permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos).

2ºBACHARELATO (QUÍMICA)

Os criterios de cualificación que se seguirán para establecer a nota numérica en cada **avaliación parcial trimestral** son os seguintes:

- As **probas escritas** contarán un **90%** da nota trimestral.
Durante o curso realizarase un exame por cada bloque de contidos. A nota das probas de avaliación en cada trimestre corresponderá coa media dos exames realizados ata o momento.
- O **10%** restante da nota trimestral establecerase a través de **táboas de indicadores** (rúbricas, escalas de observación, etc) analizando os seguintes aspectos:



- Actividades periódicas (semanais ou quincenais) realizadas na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver.
- Producións do alumnado: informes de prácticas, presentacións orais, vídeos, audios ou outros traballos que se propoñan.
- Realización das actividades propostas para facer na casa.
- Todos os aspectos relacionados co traballo diario na aula e no laboratorio.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas. Ademais, na 1ª e 2ª avaliación soamente se redondeará a cualificación trimestral cando o alumnado acade ou supere as 75 centésimas na súa nota. No caso contrario, truncarase a nota ao número enteiro inferior.

Recuperacións durante o curso: Despois de cada exame, o alumnado que non obteña cualificación positiva realizará unha proba escrita de **recuperación** dos contidos correspondentes. As probas escritas de recuperación terán o mesmo peso na nota trimestral que as probas escritas anteriores, é dicir, un 90%.

No caso de que a cualificación da proba de recuperación sexa menor que a nota do exame que se está recuperando, non se terá en conta a nota desa recuperación.

Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións oportunas, teña un ou dous bloques de contidos suspensos, a final de curso poderá realizar unha proba adicional de recuperación dos bloques correspondentes que contará un 90%. O alumnado con máis de dous bloques suspensos, só poderá realizar unha proba global que abarcará todos os contidos da materia e contará o 100% da cualificación.

Subida de nota: O alumnado con avaliación positiva interesado en subir nota poderá presentarse ás probas de recuperación (igualmente ponderarán un 90%). Nese caso a nota do exame corresponderá coa nota da recuperación (incluso no caso de que obteña unha cualificación inferior).

Tamén ten a opción de presentarse a subir nota nas probas de recuperación adicionais de final de curso (ponderan a porcentaxe que corresponda en cada caso).

A **cualificación final** do curso terá en conta as porcentaxes indicadas anteriormente.

Proba extraordinaria: O alumnado que non obteña cualificación positiva (5 ou máis) na avaliación final ordinaria de xuño terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación. No período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria desenvolveranse simultaneamente actividades de revisión e reforzo para o alumnado coa materia suspensa con actividades de revisión e preparación das probas ABAU.

Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas (presenciais ou telemáticas en caso de confinamento). O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación se sorprende a un/unha estudante copiando (móbil, smartwatch, libro, follas, ...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo noutro



momento.

- A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas, debe ser xustificada co documento oficial correspondente. De non haber xustificación documental, a cualificación será de 0.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, ese traballo non será valorado.

➤ **Criterios de corrección das probas escritas**

Na corrección das probas escritas seguiranse os mesmos criterios que os establecidos para o exame de Química das probas ABAU que sonos seguintes:

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta. Todas as cuestións teóricas deberán ser razoadas e non facelo implica unha puntuación de cero no apartado correspondente.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos a seguir, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe química.
- Os erros graves de concepto levan a anular o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualifícanse independentemente do resultado do devandito apartado. Non se cualificará cando estean baseados nun erro grave de concepto ou na invención de resultados do apartado anterior.
- Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun 0, se a correctora non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.
- Os erros nas unidades ou ben non poñelas descontará un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considérase leve e descontarase o 10% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado.

Para o desenvolvemento das probas permítese o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos). Ademais proporcionarase unha táboa periódica, onde aparecen os símbolos, nº e masa atómica.